



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA103 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+, CONVOCATORIA 2017.

O Programa Marco «Erasmus+» para o período 2014-2020 posúe unha regulación legislativa propia fundamentada no Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o Programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da UE Nº 347 o 20/12/2013.

Neste Regulamento establécese que existirá unha convocatoria anual de propostas que reúna as distintas accións do Programa Marco «Erasmus+» e a súa periodización. Recolle, así mesmo, que as condicións referidas nas respectivas convocatorias de propostas figurarán na *Guía do Programa Erasmus+* correspondente a cada convocatoria, formando parte esta mesma *Guía* da propia convocatoria de propostas.

A convocatoria de propostas correspondente a 2017 foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea, do 20 de outubro de 2016, 2017 (EAC/A03/2016).

A Guía Erasmus+ para 2017 establece os obxectivos e características principais do Programa «Erasmus+», as entidades que poden participar nel, os orzamentos, os responsables da súa execución, así como as accións que este programa comprende, entre as que figuran, entre outras, proxectos de mobilidade para alumnado de ciclos formativos de grao superior dentro do sector Erasmus.

A Guía detalla os procedementos das distintas accións, os trámites de solicitude das axudas para a realización de prácticas, os criterios de selección e concesión tanto dos proxectos como do alumnado participante, e inclúe toda información relevante para a elaboración e concesión dun proxecto europeo de mobilidade Erasmus KA1.

Igualmente, a Guía Erasmus+ para 2017 informa sobre as liñas prioritarias de cada un dos sectores (escolar, adultos, formación profesional e Erasmus), así como informa da difusión e da sustentabilidade das liñas prioritarias que para os sectores da educación e a formación son establecidas pola Comisión Europea.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial Erasmus, correspondentes á Convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ para 2017.

A solicitude presentouse para un total de 90 mobilidades de estudantes de educación superior (KA103), para prácticas por motivos de aprendizaxe, en países asociados ao Programa. Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e como socios 39 centros educativos públicos (11 centros integrados de formación profesional e 28 institutos de educación secundaria). Tamén participan como socios a Federación Galega de Parques Empresariais do Porriño, a Asociación Agarimo e a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste – Centro Tecnolóxico AIMEN.

Mediante Resolución do 23 de xuño de 2017 da Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) publicáronse as listaxes de solicitudes seleccionadas e



excluídas de proxectos da Acción Clave 1, Mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe no sector da Educación Superior entre países do Programa (KA103) correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2017. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resultou beneficiaria dunha axuda para o Consorcio de mobilidades por importe total de 54.600 €, dos que 40.950 € corresponden a axudas para mobilidades e 13.650 € a gastos de axuda de apoio organizativo.

As mobilidades de alumnado realizaranse no período de vixencia do convenio de subvención asinado co SEPIE, é dicir, dende o 1 de xuño de 2017 ao 31 de maio de 2019.

O día 11 de agosto de 2017, o SEPIE e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, asinaron o convenio de subvención para mobilidade Erasmus para prácticas organizadas por consorcios, no marco do Programa Erasmus+.

O convenio asinado ten o seguinte número: 2017-1-ES01-KA103-037615.

A cláusula II.18.1 do mesmo establece “O Convenio rexerese polo seguinte réxime xurídico e polo orde que se indica:

Dereito Comunitario: Regulamento 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro así como as normas de control interno e requisitos para a xestión dos fondos da Unión destinados á concesión de axudas, establecidos pola Comisión Europea a través da súa relación contractual coa Axencia Nacional) e Convocatoria da Comisión Europea EAC/A04/2015 de propostas 2016 Programa Erasmus+ (2015/C347/06).

Dereito nacional: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo no que resulten de aplicación, e con carácter supletorio ao Dereito Comunitario; Real Decreto 903/2007, do 6 de xullo polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) na súa redacción dada por Real Decreto 815/2015, do 11 de setembro; no seu caso, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria; e o dereito administrativo común, como supletorio a todos os anteriores, en particular a súa norma procedemental, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.

De acordo co establecido no punto 3 do artigo 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexeranse polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao alumnado de ciclos formativos de grao superior de formación profesional pertencentes aos centros educativos públicos que forman parte do citado Consorcio de mobilidades.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas, esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



RESOLVE:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas ao alumnado de ciclos formativos de grao superior dos centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades que ten concedido a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no marco do Programa Erasmus+, para realizar durante os anos 2018 e 2019.

Artigo 2. *Requisitos*

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado que estea cursando ciclos formativos de grao superior de formación profesional durante os cursos 2017-2018 e 2018-2019, nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades.
2. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado que incorra nalguna das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Documentación*

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a solicitude normalizada segundo o anexo desta resolución.

Artigo 4. *Comisión avaliadora dos centros educativos*

1. A selección as persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora en cada centro educativo que estará integrada por:
 - Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
 - Vogais:
 - O/a coordinador/a de programas europeos.
 - Dous membros do equipo directivo do centro.
 - Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

Artigo 5. *Criterios de selección do alumnado candidato en cada centro*



1. Expediente académico (máximo 5 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

- Se a nota media é de 6 ou menos; 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8; 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis; 5 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo. Outorgarase a puntuación de forma proporcional a outorgada no expediente académico, (máximo 2 puntos).
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas, (máximo 2 puntos).
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas, (máximo 1 punto).

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo de profesorado que imparte clases no ciclo formativo, sobre a actitude do alumnado e a idoneidade da súa actitude para desenvolver a estádia formativa.

4. No caso de empate nos méritos darase prioridade aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. A través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitarase aos directores dos centros educativos nos que se van realizar as mobilidades de alumnado a proposta de selección deles tendo en conta os criterios establecidos no artigo 5.

2. Antes de cada un dos períodos de mobilidade, os centros enviarán a proposta de selección do alumnado participante coas correspondentes listas de reserva (actas das comisións de selección).

3. O conselleiro resolverá a concesión das mobilidades correspondentes aos participantes seleccionados polos centros membros do consorcio.

4. As solicitudes serán facilitadas ao alumnado polo centro educativo no que estea matriculado.

5. As solicitudes só se poderán presentar no centro educativo onde o alumnado estea matriculado.

Artigo 7. Orzamento

O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 10.50.422M.480.5 do exercicio económico do ano 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ata un importe máximo de 54.600,00 €. Deste importe 40.950 € corresponden a axudas para mobilidades e 13.650 € a gastos de axuda de apoio organizativo.

Conforme á cláusula I.3.3 do convenio de subvención “Transferencias orzamentarias sen enmenda” no seu apartado a) Os beneficiarios poderán transferir ata o 100% dos fondos asignados inicialmente para



apoio organizativo, ao apoio individual e de viaxe (no seu caso) das actividades de mobilidade dos estudantes ou ao apoio individual e de viaxe das actividades de mobilidade de persoal.

Artigo 8. *Contías e criterios de distribución das axudas*

1. Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades. Os importes aprobados por mes e país polo Programa Erasmus+ son os que figuran na seguinte táboa:

Grupo 1	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido e Suecia	400€ / mes
Grupo 2	Alemaña, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, España, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, República Checa e Turquía	350€ / mes
Grupo 3	Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Romanía e antiga República Iugoslava de Macedonia	300€ / mes

2. As mobilidades concederanse por un máximo de 90 días e distribuiranse segundo as preferencias indicadas polo alumnado seleccionado.

3. Se algún centro educativo non consumise a/as praza/s que teña adxudicadas, esta/s poderán adxudicarse a calquera dos outros centros educativos membros do consorcio e que teña alumnado seleccionado en reserva.

5. As prazas poderán ampliarse con cargo ao importe adxudicado na partida de "Apoio á organización", tal como permite a cláusula I.3.3 do convenio de subvención asinado. Unha vez presentado o informe intermedio previsto na cláusula I.4.3 do dito convenio, poderán ser concedidas novas prazas de mobilidade de alumnado para prácticas e o financiamento correspondente, polo SEPIE. Tamén poderán ampliarse as prazas se unha vez realizadas as mobilidades houberse remanente suficiente que o permitise. Estes remanentes prodúcense como consecuencia de que se realizan mobilidades por un período inferior aos 90 días previstos; nestes casos redúcese o importe da axuda de forma proporcional aos días realizados.

Artigo 9. *Documentación que tramitarán os centros*

1. Os centros educativos, unha vez realizada a reunión da comisión avaliadora, farán unha listaxe provisional na que recollerán o alumnado seleccionado para as prazas que ten adxudicadas por orde de prelación e o alumnado que queda en reserva, tamén por orde de prelación. Esta listaxe provisional, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte ao do remate da reunión da comisión avaliadora. Na citada listaxe farán mención a que se aplicaron os criterios citados no artigo anterior e que o centro se compromete a gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.



2. O centro abrirá un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes.

3. Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolveraa e elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e en reserva, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 10. *Envío de documentación*

1. A dirección do centro enviará á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a seguinte documentación en papel:

a) Solicitudes orixinais (anexo).

b) Copia compulsada da listaxe definitiva de persoas solicitantes seleccionadas e en reserva.

2. O prazo de envío da documentación será de cinco días naturais a contar a partir do día seguinte ao que se publique a listaxe definitiva das persoas solicitantes seleccionadas e en reserva.

Artigo 11. *Adxudicación das axudas*

1. Á vista da documentación achegada polos centros e das prazas que teñen asignadas, a dirección xeral elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Se algún centro non tivese solicitantes no prazo establecido deberá comunicalo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para que poida propoñer a/as praza/s que teña adxudicado ese centro a outro/s dos que forman parte do consorcio.

3. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contados desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 12. *Renuncia a axuda*

1. No caso de que por motivos xustificados un/unha alumno/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar no centro educativo un escrito de renuncia. O centro educativo enviará o referido escrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación



Educativa e solicitará que se adxudique a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva. No caso de que ningunha persoa solicitante de reserva dese centro queira optar á praza vacante deberao facer constar por escrito para que a dirección xeral propoña a concesión da axuda ao/á alumno/a solicitante en reserva doutro dos centros membros do consorcio. Unha vez que haxa candidato/a a Dirección Xeral elaborará a correspondente proposta de aceptación da renuncia e proposta de adxudicación da nova axuda e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda, nos termos previstos no punto 1 do artigo 11.

2. Se o/a alumno/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

Artigo 13. *Colaboración dos centros educativos*

1. Os centros educativos en colaboración con cada un dos socios de acollida integrantes no proxecto, preparará aos participantes para a súa estadía no centro de destino, coordinando os detalles da viaxe e aloxamento. Acordará un programa de traballo apropiado para os participantes coas empresas e institucións de acollida. Logo asinará un contrato de mobilidade que recolla todas esas circunstancias, de acordo co establecido na normativa específica de Erasmus+. O contrato será asinado entre o centro educativo, a empresa e o/a beneficiario/a. Este contrato asinarase antes de comezar a estadía e será necesario dispor dunha copia para poder tramitar o 80% correspondente ao anticipo da axuda.

2. O conselleiro delegará a sinatura dos convenios de subvención Erasmus+ Educación Superior deste proxecto, entre cada CFP ou IES membro do consorcio e os beneficiarios, nos directores/as dos centros educativos.

3. Cada CFP e IES e os beneficiarios das becas asinarán o convenio de subvención Erasmus+ Educación Superior deste proxecto que regula as condicións de participación e desenvolvemento das mobilidades de prácticas.

Artigo 14. *Pagamento das axudas*

1. As axudas faranse efectivas en dous pagamentos directamente á persoa beneficiaria, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.

2. Un primeiro pagamento en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e o/a director/a do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ Educación Superior para estudos e/ou prácticas entre países do programa, segundo o modelo establecido polo Programa Erasmus+.

3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate as mobilidades, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey) de acordo co establecido no Programa Erasmus+ e presentar un certificado da empresa conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade. Esta enquisa individual considerárase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do alumno ou alumna. No caso de que as datas de realización da mobilidade fosen inferiores aos 90 días o pago do 20% restante minorárase de acordo co establecido no convenio de subvención.

4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades



subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 15. *Transparencia e bo goberno*

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 16. *Compatibilidade das axudas*

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada.

Artigo 17. *Perda das axudas*

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 18. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. A persoa beneficiaria está obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



2. A persoa beneficiaria está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

3. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, debe estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable recollida no anexo desta resolución.

Artigo 19. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

Artigo 20. *Modelos normalizados de formularios*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 21. *Notificacións*

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. *Adaptación*

Esta resolución adáptase ás normas que lle son aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás que figuran no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Obrigas*

As persoas beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición adicional terceira. *Impugnación*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa comunicación aos centros educativos membros do consorcio.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria